



REXISTRO XERAL	054
DATA	26/08/2015

Curuxeiras, 26 de Agosto de 2015

ASUNTO: Limpeza rúas.

Sr. Concelleiro

Xa pasaron mais de cinco anos dende que a empresa **Ecourense** se fixo cargo da concesión, do servizo municipal de limpeza e volvemos ter que denunciar a falta de limpeza viaria que sofre o noso pobo o igual que todos os do rural.

Mostra dela son as fotos que lle axuntamos, onde se aprecia o estado lamentable das rúas das Curuxeiras e da Torre cheas de herbas por falta de **limpeza de mantemento 3 a semana**, e **varrido mecánico 2 a semana**, así coma do pavimento da rúa da torre cheo de graxa que leva así mais dun ano, que non dicir dos alcorques dos arbores e dos sumidoiros cheos de herba.

Na actualidade a empresa esta realizando un plan de limpeza intensiva da cidade, que a nos parécenos correcto, tiña que estar sempre así, pero no noso pobo seguimos sufrindo a falta de limpeza viaria que segun o contrato nos corresponde, pero que si pagamos.

E por se non fora pouco, o Concello ningunéanos o non contestarnos as nosas peticións:

O día 7 de abril de 2014 solicitamos certificación de silencio administrativo o vencer o prazo no que o órgano administrativo debeu ditar resolución a solicitude presentada por esta asociación, con número de rexistro do Concello de Ourense 2013053405 de data 13.12.2013, expediente nº2013014461, sobre o incumprimento sistemático da frecuencia de limpeza semanal por parte da empresa adxudicataria.

En Xuño de 2014 presentamos unha reclamación a Comisión Municipal de Queixas e Suxerencias, expediente 2014009671 que aínda non se nos contestou, como tampouco se lle remitiu a documentación solicitada polo Defensor do pobo en relación coa nosa denuncia presentada ante el sobre este tema.

Volvemos a, recordarlle que as bases de contratación do servizo de limpeza e recollida de residuos sólidos do Concello de Ourense din que ós núcleos rurais correspóndelle o nivel de limpeza 3, que segun o cadro de frecuencias semanais é de: **2 veces varrido manual, 1 vez varrido de mantemento, 1 vez varrido mecánico de beiarúas, 1 vez varrido mecánico de calzadas e 1 vez baldeo mecánico de calzadas.**

Por todo esto...



REXISTRO XERAL	054
DATA	26/08/2015

Solicitamos:

1º Se proceda de forma inmediata a limpeza das rúas marcadas en plano que se adxunta.

- Rúa das Curuxeiras.- Limpeza en profundidade das súas beira rúas de herbas e terra acumulada.
- Rúa da Torre.- Limpeza de herbas e sumidoiros e lavado do pavimento para sacarlle as manchas de graxa.
- Rúa da Airiña.- Limpeza de herbas dende a rúa das Curuxeiras ata a zona recreativa da Airiña.

2º Se nos emita o certificado do silencio administrativo que nunca se nos remitiu.

3º Se nos conteste por parte da Comisión Municipal de Queixas e Suxerencias a nosa reclamación.

4º Que a partir desta data se lle esixa a empresa que cumpra coas frecuencias semanais.

Atentamente....

José Manuel García Casares
Presidente

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE OURENSE
Concellería de Limpeza

RUA DAS CURUXEIRAS



RUA DA TORRE



REXISTRO XERAL	054
DATA	26/08/2015

